

			amigosdaterra.net
--	---	--	-------------------

Amigos da Terra

Rúa Velázquez Moreno, 9 - 2º D. 36202 Vigo (Pontevedra)
 Teléfono: [34] 986 229 089
 e-mail: info@ascorcerizas.com

CAMPAMENTOS AMIGOS DA TERRA 2014

A aposta firme de [Amigos da Terra](#) por unha **educación ambiental de calidade** en coherencia coas instalacións e xestión, xunto coa profesionalidade e motivación do equipo educativo aportan nos campamentos unha experiencia vivencial de alto valor. Dende esta perspectiva de sustentabilidade pretendemos manter unha visión educativa integral, traballando conceptos tan importantes como o de consumo responsable transversalmente en todas as actividades; que se reflicten nos hábitos cotiás como a alimentación, procedente de agricultura ecolóxica e na medida do posible local, ou na diminución na xeración de residuos.

Realizaranse actividades **en contacto coa natureza**, desenvolvendo a sensibilidade que permite identificar os valores humanos e de convivencia na mesma, proporcionando información veraz e adecuada ao grupo. Estas actividades son deseñadas e organizadas para adquirir, ademais de novos coñecementos, **actitudes e capacidades** como psicomotricidade, cooperación, respecto mutuo, coordinación, socialización, creatividade, axilidade física e mental.

Os campamentos de Amigos da Terra son a oportunidade para a recreación e o esparexemento, onde os/as participantes aprenderán e interactuarán dunha forma ordenada e amigable co medio.

METODOLOXÍA

- **Lúdica:** empregando recursos que afiancen os coñecementos e actitudes de xeito divertido.
- **Activa:** baseándonos no fomento da creatividade e a espontaneidade.
- **Participativa:** terán responsabilidades no desenvolvemento do programa.
- **Significativa:** analizando e partindo dos coñecementos, actitudes e aptitudes previas do grupo.
- **Integradora:** porque se traballa dende grupos pequenos fomentando o espírito de participación e traballo en equipo.
- **Non – sexista:** fomentando a participación por igual de rapaces e rapazas e dende o exemplo no equipo educativo.
- **Flexible:** porque se adaptará en todo momento ás necesidades do grupo.

*amigos da terra forma parte de amigos de la tierra internacional [foei], unha federación de organizacións de todo o mundo activas en campañas para protexer o medio ambiente e crear sociedades sostibles
 amigos da terra figura no rexistro central de asociacións co número 84/98*



	 <p>Amigos da Terra</p>		amigosdaterra.net
--	---	--	-------------------

Amigos da Terra

Rúa Velázquez Moreno, 9 - 2º D. 36202 Vigo (Pontevedra)
 Teléfono: [34] 986 229 089
 e-mail: info@ascorcerizas.com

OBXECTIVOS

Os obxectivos, presentes no desenvolvemento de todas as actividades, son:

- Descubrir, coñecer e comprender as interaccións entre humanidade e medio, baseadas nos **principios de sostibilidade**.
- Chegar a tomar conciencia da importancia do medio ambiente na vida cotiá e valorar a transcendencia da mellora do entorno polas xeracións futuras, para mellorar a **calidade de vida**.
- Educar en desenvolver valores que permitan un cambio de actitude cara unha sociedade máis comprometida coa **solidariedade**.
- Incorporar hábitos dunha **alimentación sana e sustentable**, transmitindo aos/ás participantes a súa importancia e repercusións sociais, ambientais e económicas.
- Fomentar a **afección polo exercicio**, o contacto coa **vida sana** e o **respecto pola natureza**.
- Posibilitar as **relacións interpersoais**, creando un ambiente amigable, distendido e de camaradaría.
- Fomentar e desenvolver **habilidades sociais** e o **traballo en equipo**.

ACTIVIDADES

A formulación das actividades é integradora e multidisciplinar, desenvolvéndose nos seguintes bloques:

ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

Cadernos de campo, itinerarios de identificación de elementos naturais, obradoiros de reutilización de materiais e reciclaxe, experimentos solares, experiencias coas enerxías alternativas das instalacións e materiais de bioconstrución como o barro, rastros e sinais da vida do bosque, videoforums, etc.

ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN E CONVIVENCIA

Asembleas, bivaque, descubertas, traballo en equipo, xogos de resolución de conflitos, dinámicas de expresión (teatro, disfraces, cine ao aire libre, etc.). Traballos manuais como elaboración de malabares, xoguetes e instrumentos de refugallo, caixas niño, comedeiros para paxaros, bonsais, bixutería natural, papiroflexia, abalorios, tintura de camisetas, colgantes e serpentinas, cestería, etc.

*amigos da terra forma parte de amigos de la tierra internacional [foei], unha federación de organizacións de todo o mundo activas en campañas para protexer o medio ambiente e crear sociedades sostibles
 amigos da terra figura no rexistro central de asociacións co número 84/98*



	 <p>Amigos da Terra</p>		amigosdaterra.net
--	---	--	-------------------

Amigos da Terra

Rúa Velázquez Moreno, 9 - 2º D. 36202 Vigo (Pontevedra)
 Teléfono: [34] 986 229 089
 e-mail: info@ascorcerizas.com

ACTIVIDADES CULTURAIS

Nelas darase a coñecer a importancia histórica e cultural da zona por medio de saídas etnográficas e roteiros interpretativos (usos da terra, traballos artesanais, muíños de auga, fornos comunais, ferreiría, etc.), coñecendo tradicións, lendas, costumes dos pobos e o patrimonio de montaña galega.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS E LECER

Sendeirismo, ping-pong, voleibol, fútbol, dardos, xincanas de orientación, deportes alternativos, danzas do mundo, xogos tradicionais e populares de Galicia, baños no río Arnoia; xunto con veladas nocturnas de animación, astronomía, etc.

EXCURSIÓNS

Crearase un grupo de “auténticos/as exploradores/as” facendo excursións e actividades prácticas no entorno forestal e saídas a áreas recreativas fluviais de pobos próximos e piscinas.

EQUIPO EDUCATIVO

Para o desenvolvemento das actividades Amigos da Terra conta cun equipo con ampla **experiencia e cualificación**. A súa longa traxectoria en temas de educación, formación, animación e divulgación, aportan a confianza necesaria que garante un **campamento de alta calidade**. As actividades desenvolveranse cun ratio de polo menos **1 monitor/a por cada 10 participantes**, tratándose de persoal titulado que acredita formación en materia de medio ambiente, educación e ocio e tempo libre e contando cunha ampla experiencia en campamentos.

*amigos da terra forma parte de amigos de la tierra internacional [foei], unha federación de organizacións de todo o mundo activas en campañas para protexer o medio ambiente e crear sociedades sostíbeis
 amigos da terra figura no rexistro central de asociacións co número 84/98*

